



BIBLIOTECA ESCOLAR

IES LAMAS DE CASTELO

Lamas de Castelo, s/n. 15293 – CARNOTA
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslamascalcastelo/taxonomy/term/68>
<http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?CodigoBiblioteca=CED034>



Recomendacións aos departamentos

Curso 2019-20

Elaboración dos documentos relativos á lectura

Marco de referencia:

- DOG do 13 de xullo 2007. Artigo 5º, Currículo: “A lectura constitúe un factor primordial para o desenvolvemento das competencias básicas. Os centros docentes garantirán na práctica docente de todas as materias un tempo dedicado á lectura en todos os cursos da etapa, de acordo co proxecto lector do centro, ao constituír a lectura un factor esencial para o desenvolvemento das competencias básicas.”
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, artigo 38.
- INSTRUCCIÓNS de 2 de setembro de 2019 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos en relación coa organización e o funcionamento das bibliotecas escolares, durante o curso 2019/2020. E citamos:

1. [...] “**Os documentos organizativos do centro deberán facer referencia á existencia da biblioteca escolar, á súa organización e funcionamento. O proxecto Educativo de Centro deberá integrar [...] o Proxecto Lector de Centro que deberá atender ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, tratamento e produción da información**” [...] “Este é un documento a medio prazo, polo que deberá ser revisado como mínimo cada 5-6 anos.” [...]

2. “Para un acertado desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro, deberán elaborarse Plan Anuais de Lectura (PAL) que recollerán entre outros aspectos, unha liña prioritarias de actuación ou programa específico para a biblioteca. Estes documentos de planificación son imprescindibles para garantir actuacións que poidan dar resultados, alleas a dinámicas repetitivas e inconexas.”

Aclaracións: non debemos confundir entre

- a) **Proxecto Lector de Centro** ou “Proxecto Lector”. Marco de referencia: DOG do 13 de xullo 2007, anexo V (páxs. 12197 e 12198). O Proxecto Lector é un “documento deseñado para desenvolver a medio prazo en que, a partir da análise do contexto en materia de lectura, se articulen todas as intervencións que se van realizar no centro en relación coa lectura, a escritura e as habilidades informativas, coa participación do profesorado das distintas áreas, materias e ciclos, incorporando a biblioteca escolar e as bibliotecas de aula como recurso fundamental [...]”. “O **proxecto lector de centro será a referencia para a elaboración de programas ou plans anuais de lectura**, que se incluírán na programación xeral anual.”

Nel, indícase que a lectura comprensiva require “un traballo progresivo e continuado. Traballárase con todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos; en soporte impreso ou electrónico. Incidirase na identificación da finalidade da lectura e na forma de axustar a lectura ao obxectivo en cada ocasión.” E ademais, “Ensínaranse estratexias de comprensión lectora.”



BIBLIOTECA ESCOLAR

IES LAMAS DE CASTELO

Lamas de Castelo, s/n. 15293 – CARNOTA

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo/taxonomy/term/68>
<http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?CodigoBiblioteca=CED034>



b) Plan Anual de Lectura (PAL).

- Nas [instrucións de 2 de setembro de 2019](#), da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos en relación coa organización e o funcionamento das bibliotecas escolares: incídese na obriga de [...] *“elaborar o plan de traballo anual que favoreza a participación nas actividades e o uso por parte de alumnado e profesorado das distintas fontes informativas e da variedade de servizos da biblioteca escolar en beneficio de todas as áreas e materias.”*

- **Plan Anual de Lectura**, no blog das Bibliotecas Escolares: <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/files/Plan%20Anual%20de%20Lectura.pdf> É a *concreción anual do Proxecto Lector de Centro, en función das necesidades observadas [...]*

Do guión proposto neste documento, parecen especialmente relevantes estes puntos:

- **Seccións (bibliotecas de aula ou departamento).** Interesa indicar brevemente se existen, e o tipo de lectura que hai alí: informativa, de ficción, manuais de consulta... e se se utilizan.
- **Rutinas de lectura: actividades sistemáticas** (*hora da biblioteca, hora de ler, lectura compartida -acompañamento lectores, lectura en parella...-*)
- **Itinerarios lectores.** Os itinerarios lectores poden ser entendidos ben como unha serie de recomendacións de lectura relacionadas entre si (unha leva a outra) e coa programación da materia; ben como un listado de títulos recomendados. *Ollo! “un listado de lecturas recomendadas non é un proxecto lector, tampouco un plan anual de lectura [...]”*
- **Actividades programadas e temporizadas.** Organizándoas por trimestre poden contribuír a un calendario xeral de centro, que servirá de temporalización. Exemplos:
 - Proxectos documentais integrados, programas de formación de usuarios, campañas de lectura.
 - Actividades puntuais: obradoiros, exposicións, concursos, encontros con autores, celebracións (No noso centro: 24 de outubro, Día da Biblioteca Escolar, 24 de febreiro, Día de Rosalía /Poesía, 8 de Marzo, 21 de abril, Día do Libro, Día das Letras Galegas...)
- **Ler en familia.** Actividades para a implicación das familias.

Carnota, 12 de setembro de 2019